A galiña churra

ARTERIA NOROESTE

A GALIÑA CHURRA é unha galiña-dragón. O mesmo asusta serpes que a un lobo feroz. Orgullo da nosa granxa, é máis fera que un león. Viva, viva Churra, a nosa galiña-dragón!...
Día 22 de febreiro. Asiste o alumnado de 3 e 4 anos.

Museo de Historia Natural

Museo de Historia Natural. Facultade de ciencias. Campus Sur. Usc
Día 17 de marzo. Asiste o alumnado de 4 anos.

Camiño de aventuras

ARTERIA NOROESTE

Todo comezou hai cincocentos anos. Gaiferos parte en misión secreta para chegar a un acordo co príncipe árabe e rematar coa guerra entre os seus pobos. Nun lugar do Camiño, Gaiferos atopouse con Lucifer, que tentou detelo desafiándoo ao "Xogo da Oca".
Tivo sorte cos dados o pelegrín, enganou ao demo e seguíu o seu camiño pero...
Día 1 de marzo. Asiste o alumnado de 5 anos

Abrahan Carreiro

Abrahan Carreiro é un ilustrador infantil.
O seu último libro "A pel do crocodilo: conto popular de Namibia" está publicado por Promocións Culturais Galegas.
...Hai moitos anos, os habitandes dunha pequena aldea africana vivían atemorizados por unha misteriosa luz branca no horizonte que os deslumbraba. Un dia, dous valentes marcharon á busca da súa orixe, nunha lagoa xigante...

FÚTBOL SALA. XACOBEO 2010 LOBELLE

Animaladas

O xoves 18 de marzo, o noso centro participará no concerto didáctico “Animaladas”, ofertado polo profesorado do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela en colaboración co CEFORE. O concerto, en forma de conto musical, foi presentándonos a distintos instrumentos caracterizados como animais responsables que, moi preocupados polos problemas que o home lle causa ao noso planeta e, acompañados pola fada Marcelina, realizarán unha viaxe arredor da Terra para tentar salvala.
Asiste o alumnado de 2º.